

O Plan de Convivencia do **CPR. Plurilíngüe ALBORADA** nace coa idea de promover tódolos principios marcados pola LOMCE.

O equipo docente considera o centro non só coma un obradoiro de coñecementos co fin de que o alumnado acade saídas profesionais senón tamén un traballo de "Cooperación" onde evitemos a radicalización, a sectorización e o adoutrinado, buscando ademais a liberdade responsable, a solidariedade e a defensa dos dereitos humanos e da natureza.

Así pois, **as notas de identidade do colexio Alborada e os seus principios educativos son:**

1. Procuramos un ensino laico, independente e integrador, non selectivo nin competitivo.
2. Educamos para a igualdade , a convivencia e a paz e ser instrumento de axuda para minorar as desigualdades sociais
3. Prestamos un servizo educativo seguindo un criterio de calidade.
4. Desenvolvemos un modelo de xestión educativo no centro democrático e participativo resaltando os órganos representativos e o papel do titor /a .
5. Educamos "en" e "para" a liberdade e a responsabilidade favorecendo un espírito crítico e reflexivo no alumnado.
6. Potenciamos a convivencia directa co medio natural e social que nos rodea creando unha relación de harmonía e respecto.
7. Fomentamos a coeducación coma un proceso educativo que favorece o desenvolvemento da persoa independentemente do seu sexo.

O **Colexio Plurilíngüe Alborada** caracterízase pola posta en marcha dun proxecto pedagóxico guiado polo principio da flexibilidade e da adaptación a realidade que é cambiante e dinámica.

## INDICE :

### 1. SENSIBILIZACIÓN

- 1.1. Creación da Comisión de Convivencia ..... 4
- 1.2. Sensibilización e promoción da convivencia .....6

### 2. DIAGNÓSTICO

- 2.1. Análise e diagnóstico do contexto..... 6
- 2.2. Características ..... 7
- 2.3. Análise da realidade .....8
- 2.4. Análise de medidas .....8

### 3. CONCRECIÓN DO PLAN

- 3.1. Obxectivos do plan e do modelo de convivencia .....9
- 3.2. Rexistro das medidas do plan xa existentes e das novas estratexias de actuación.....11
  - Aula de Convivencia.....14
  - Coherencia na aplicación de normas..... 15
- 3.3. Planificación, secuenciación e desenvolvemento das actuacións.....17

### 4. RELACIÓN COAS FAMILIAS E O ENTORNO .....24

### 5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN .....26

### 6. PROTOCOLOS, MODELOS DE DOCUMENTOS E FERRAMENTAS PARA REGULAR A CONVIVENCIA DO CENTRO

- A. Protocolos establecidos pola Xunta de Galicia ós que se accede dende á súa páxina web:.....33
  - a. Protocolo de acoso escolar e ciberacoso.
  - b. Protocolo de consenso sobre TDAH.
  - c. Protocolo de Identidade de Xénero.
  - d. Protocolo de Urgencias sanitarias e enfermidade crónica.
  - e. Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.

|                                                                             |    |
|-----------------------------------------------------------------------------|----|
| f. Protocolo de Protección de datos.                                        |    |
| g. Protocolo de Absentismo escolar.                                         |    |
| B. Documentos anexos elaborados polo Departamento de Orientación.....       | 33 |
| a. Parte por condutas contrarias á convivencia.....                         | 35 |
| b. Contrato de conduta.....                                                 | 37 |
| c. Guía para a análise dun conflito.....                                    | 39 |
| d. Enterado dos pais.....                                                   | 41 |
| e. Rexistro de avaliación de excursións e saídas do colexio.....            | 42 |
| f. Cuestionario de autovaloración do profesorado.....                       | 44 |
| g. Protocolo de acollida ao alumnado de nova incorporación.....             | 52 |
| h. Protocolo de contención física ante os casos de agresión a docentes..... | 53 |
| i. Cuestionario de convivencia no centro educativo.....                     | 59 |
| j. Programa de Habilidades Sociais .....                                    | 63 |
| Programa de coeducación e prevención da violencia machista .....            | 70 |
| C. DOCUMENTOS DO CENTRO.....                                                | 76 |
| D. REFERENCIAS LEXISLATIVAS .....                                           | 76 |

## 1. SENSIBILIZACIÓN

### 1.1. CREACIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A Comisión de Convivencia do Centro é o órgano colexiado que reflexiona e investiga en relación co estado da convivencia no centro e que diseña as estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar, plasmando todo elo na concreción do Plan de Convivencia.

A Comisión de Convivencia está composta por:

- Presidente: O/A Director/a
- Representante do profesorado: Orientadora, Xefa de Estudos, Coordinadora de ESO.
- Representante da titularidade do centro: Presidente/a
- Representante do alumnado: Representante ante o Consello Escolar
- Representante do persoal de Admon. e servizos: Administrativa do centro
- Representante das familias: Representante dos pais/nais ante o Consello Escolar

A Comisión de Convivencia tamén estará aberta á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice, así como aos profesionais da sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

### FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Entre as funcións da Comisión da Convivencia están:

- Dinamizar o Plan de Convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao consello escolar.
- coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.
- aquelas outras que a propia Administración ou o Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial lle poidan encomendar.

### PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS

Celebraranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario, tantas veces sexa convocado pola presidencia a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A convocatoria destas reunións deberá ter en conta a dispoñibilidade horaria de todos os seus membros para facilitar a súa asistencia.

### INFORMACIÓN DAS DECISIÓNS

As decisións tomadas polos membros da Comisión de Convivencia ou as súas actuacións deben ser comunicadas ao Consello Escolar trimestralmente.

Informarase ao profesorado do centro nas reunións de claustro que se celebran trimestralmente, ou ben, en reunións extraordinarias convocadas ó efecto; aos alumnos/as a través do desenvolvemento da acción tutorial e Xunta de Delegados, e aos pais/nais por medio de escritos e AMPA en aqueles temas que afecten a todos de forma directa.

Ao final de curso farase unha avaliación de todo o plan que será incluída na memoria anual do centro.

## 1.2.SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA

1.Presentación e difusión do Plan de Convivencia:

### **Responsables:**

- Equipo Directivo
- Tutores
- D.O.

### **Recursos:**

- Claustro
- Plan de Formación do Profesorado
- Acceso ó Plan de Convivencia a través da páxina do colexio

### **Metodoloxía:**

- Difusión e formación do profesorado
- Información ás familias.
- Colgar o Plan na web do colexio.
- Inclusión do Plan de convivencia no PAT.
- Difusión ás familias a través da AMPA.
- Difusión a alumnado a través da Xunta de Delegados, tutorías.

## **2. DIAGNÓSTICO**

### 2.1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO CONTEXTO

(Ver cuestionario no Anexo IX)

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo de cando en vez, principalmente nos primeiros cursos da ESO, algún conflito que se resolve fundamentalmente dende tutoría e con algunha medida disciplinaria de carácter menor. Nalgún caso compre tomar algunha medida máis severa ou aplicación de protocolo ao efecto.

Nos cuestionarios realizados a principios do curso 2016-2017, as valoracións en xeral, por parte do alumnado, o profesorado e as familias foron as seguintes:

- Valoración da convivencia no centro: **60% boa, 23% moi boa, 6% normal,**
- Conflictos que se producen con máis frecuencia: **60% nunca, 20% moi pouco, 20% pouco** (entre alumnado e entre pais/nais e fillos/as).
- Conflitos que se produciran con máis frecuencia no centro nos últimos anos: **24% nunca, 37% moi pouco, 13% pouco** (interromper a clase), **16% algunhas veces** (agresións verbais entre alumnado), **10% bastantes veces** (indisciplina, uso inapropiado novas tecnoloxías))
- Iniciativas útiles para mellorar a convivencia: **19% moitísimo ou a que máis** (consensuar normas entre alumnado e profesorado, formar ao profesorado en resolución de conflitos e unificar os criterios de actuación entre o profesorado); **10% moito** (utilizar un estilo docente respectuoso e positivo, reforzar a disciplina, informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos e favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado).

### 2.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O SEU ENTORNO

#### Recursos materiais:

O centro educativo ALBORADA está situado na Avda. do Aeroporto nº 392 na cidade de Vigo, Pontevedra. É un centro cooperativista.

O Colexio Plurilingüe Alborada conta cunha superficie edificada duns 3.000 m<sup>2</sup> en dous módulos. Nun bloque están as tres aulas do 2º ciclo de Educación Infantil, aseos de E. Infantil, unha sala de profesores, as dependencias de administración e dirección así como dúas salas de visitas para pais, e aseos. Atópase tamén neste edificio o departamento de orientación e a aula de Convivencia.

No edificio central de catro andares conta, no 1º andar cas aulas de 1º a 4º EP, lavabos para nenos/as, profesores/as, laboratorio, sala de profesores e aseo de minusválidos. No 2º andar atópase as aulas de 5º a 6º de E.P. e de 1º a 4º da ESO.



así como servizos para alumnos/as e profesores/as. O terceiro andar conta coa Biblioteca, aula de Informática e un amplo almacén. Por debaixo da 1º planta atópanse as aulas de Plástica, Música, o obradoiro de Tecnoloxía, Educación Especial, aula de apoio, aula de Audición e Linguaxe e o Comedor. A rampla de minusválidos comunica co patio cuberto onde se atopa o ximnasio, lavabos, duchas sala de monitores, vestiarios e sala de caldeiras.

O **Colexio Plurilíngüe Alborada** está dotado con todas as medidas regulamentarias de ramplas, ascensor, aseos de minusválidos, etc, para facilitar o acceso a aqueles alumnos/as con déficits físicos.

Fronte ao edificio principal atópase unha pista de fútbol sala cunhas gradas, un parque de infantil que utilizan os alumnos/as do centro nos tempos de lecer.

Actualmente o Centro acolle a unha media de 310 alumnos divididos en catorce unidades: tres de Educación Infantil, seis de Educación Primaria, catro de E.S.O. e unha de Educación Especial.

### **2.3. ANÁLISE DA REALIDADE DO CENTRO E ACTUACIÓNS ACTUAIS**

- Modelos de rexistro da realidade do centro en materia de convivencia.
- Cuestionarios para a avaliación da convivencia.
- Ver táboa páxina 14.

### **2.4. ANÁLISE DAS MEDIDAS E ACTUACIÓNS ACTUAIS**

- Informes, avaliacións e memorias dos plans de centro.
- Contribucións da comunidade escolar.
- Análise de accións que xa se realizan no centro a través dos claustros, seminarios, departamento...

## **3. CONCRECIÓN DO PLAN**



## 3.1 OBXECTIVOS DO PLAN E DO MODELO DE CONVIVENCIA

Como obxectivo xeral, o Plan de Convivencia pretende promover e desenrolar actuacións relativas ó fomento da convivencia, favorecendo as adecuadas relacións entre todos os compoñentes da nosa comunidade educativa.

Priorizaranse as actuacións preventivas destinadas ó coñecemento previo das normas necesarias para a convivencia pacífica e respectuosa, utilizando como medios o Plan de Acción Titorial, os Boletíns informativos para as familias e as reunións xerais de pais entre outros medios.

A concreción destes principios reflíctese nos seguintes Obxectivos:

1. Preparar para a participación na vida favorecendo a democracia escolar e desenvolvendo hábitos de cooperación que fomenten a paz, a tolerancia e a solidariedade entre persoas e pobos.
2. Desenvolver progresivamente a autonomía e as habilidades comunicativas e de convivencia do alumnado.
3. Por en contacto ó alumnado con técnicas e estratexias baseadas na aprendizaxe cooperativa na cal se fundamenta a nosa institución educativa e con estratexias de traballo intelectual que o capaciten para aprender a aprender.
4. Dispoñer de instrumentos para a prevención e a resolución pacífica de conflitos.
5. Desenvolver progresivamente a autonomía e as habilidades comunicativas e de convivencia do alumnado.
6. Coñecer, comprender e respectar as diferenzas entre culturas e diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a non discriminación por ningunha razón e a educación na diversidade.

7. Potenciar a acción titorial como instrumento para favorecer a convivencia, prever conflitos, consolidar o grupo clase e como canle de comunicación, desenvolvendo actitudes de intercambio e coñecemento mutuo.
8. Promover a participación activa e a colaboración de tódolos sectores da comunidade no Centro: familias, profesorado e alumnos, fomentando o sentimento de pertenza a ela.
9. Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherentes que orienten as intervencións de todo o profesorado, evitando así contradicións que desorienten ao alumnado.
10. Controlar a utilización das tecnoloxías da información e manter unha mentalidade aberta ante as perspectivas científicas e tecnolóxicas.
11. Fomentar a autoestima e o coñecemento dun mesmo, as súas capacidades e limitacións.
12. Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo, é dicir, como un medio positivo e construtivo de análise da realidade e construción de novas maneiras de relación pacífica e dialogante.
13. Utilizar as mediadas punitivas como último recurso e só cando as estratexias motivacionais e educativas non deran resultado.
14. Fomentar e propiciar a participación do profesorado na súa formación en materia de Convivencia.
15. Potenciar as relación con organizacións, institucións externas e entorno do Centro coa fin de enriquecer o servizo cultural educativo da nosa Comunidade e viceversa.
16. Avanzar no noso Centro cos cambios que se producen na nosa sociedade en tódolos ámbitos (social, económico, cultural, tecnolóxico, etc), como medio para favorecer a convivencia.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

De resultados da avaliación inicial, este Plan de Convivencia plantexa tres vías de actuación preferentes:

- A primeira, será a **prevención de conflitos** e o favorecemento dun clima de convivencia o mais axeitado posible.
- A segunda, a **unificación de criterios e actuacións dos profesores** ante feitos parellos, o mesmo que nas accións preventivas previstas, podendo utilizar para elo recursos de material impreso e soporte informático.
- A terceira, a **utilización sistemática dos Protocolos** que a distintos efectos publica a Consellería e outros elaborados dende o centro e recollidos neste Plan.

### 3.2. REXISTRO DAS MEDIDAS DO PLAN XA EXISTENTES E DAS NOVAS ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN.

A resposta educativa do equipo directivo e o profesorado no centro é a de promover a actitude de participación do alumnado a través dos canles que ofrece o N.O.F., as titorías, a Xunta de Delegados, o diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento aos conflitos.

Aínda que a percepción da convivencia no centro é boa e os problemas de convivencia non son graves, si é verdade que a obrigatoriedade da Etapa educativa da ESO no centro comporta, xunto a outros aspectos, a presenza nas aulas dun sector do alumnado que non encaixa ben coas actuais propostas educativas, xerando ás veces conflitividade.

O centro leva xa tempo compartindo unha filosofía de mellora da convivencia e da resolución de conflitos. Ó longo dos últimos cursos, adoptáronse unha serie de medidas preventivas, incentivadoras, motivadoras, de rehabilitación con traballo social e nalgúns casos punitivas, intentando INTEGRAR a toda a comunidade educativa para compartir e asumir valores como a paz, a solidariedade, a tolerancia, o diálogo e a resolución pacífica de conflitos.

Algunhas destas actuacións son:

## a) MEDIDAS PREVENTIVAS

- Presentación ao inicio de curso das liñas xerais do Plan de Convivencia e coñecemento e difusión do N.O.F.
- Fomento da interacción entre o docente e o alumnado: votación democrática das normas da clase, asembleas, enquisas, sociogramas, recollida de datos de pre-avaliación, recollida por escrito das titorías cos pais...
- Concienciación e facilitación da filosofía de integración das NEE en todos os ámbitos educativos: dende medidas arquitectónicas ate o traballo cos grupos anticipando actitudes empáticas e de relación positiva.
- Atención persoal a todo o alumnado: titorías, orientadora.
- Creación de Equipo de Mediación e outras medidas como o fomento do diálogo, mediación informal, alumnado titor, axuda entre iguais, celebración do día da paz e do da prevención da violencia machista, potenciación das actividades de convivencia: intercambios co estranxeiro, traballo por proxectos, excursións, saídas, Nadal, Entroido, festa do fin do curso, actividades deportivas, semana cultural, etc.
- Asesoramento do D. O. a toda a comunidade educativa: accións e apoio a alumnos e grupos (Xuntas de delegados...), relacións coas familias (entrevistas, psicólogos ...), apoio e aporte de material ao profesorado, relacións con estamentos sociais (servizos sociais), etc.
- Traballo cooperativo nas aulas: incluíndo a participación en concursos, xornadas, exposicións.
- Colaboración de entidades alleas ao colexio (Concello, Plan Local Prevención Drogodependencias, Policía, Cruz Vermella, distintas asociacións,...).

- Establecemento de liñas de actuación ante o conflito: profesor - titor - equipo directivo - (Departamento de Orientación) - (Consello Escolar)
- Axenda escolar, correo electrónico, como medio de comunicación familia-colexio.
- Xuntanzas: reunión xeral, por cursos, tutorías, ...
- Colaboración ANPA-COLEXIO: nas festas, en saídas, festividades, escola de familia, aporte de actividades culturais, etc.
- Adicación do Día da Paz e do Día da Prevención da Violencia Machista, á concienciación do respecto polos demais e á convivencia pacífica.
- Colaboración en proxectos de solidariedade coa comunidade: Fundacións, aportacións humanitarias, enfermos, ...

### b) MEDIDAS DE DETECCIÓN:

- Labor tutorial e observacións do profesorado e persoal non docente.
- Rexistros estandarizados: protocolos, cuestionarios, sociogramas, entrevistas.
- Formación do profesorado en materia de convivencia:
  - ✓ Coñecemento de casos de alumnado especialmente sensible e supervisión habitual
  - ✓ Formación en cursos sobre atención á diversidade, intervención sobre o clima de clase.
- Xunta de delegados.
- Acceso directo do alumnado na denuncia e/ou demandas de intervencións do Departamento de Orientación.
- Caixa de correos da convivencia

### c) MEDIDAS DE CORRECCIÓN E RESOLUCIÓN

Entre outras:

- Reflexión sobre a conduta cometida

- Asistencia á aula de convivencia traballando programas de HHSS
- Lectura e actividades educativas relacionados coa falta cometida
- Asignación de actividades solidarias e de cooperación
- Realización de actividades en tempo de recreo
- Intervención do equipo de mediación do centro
- Aplicación de protocolos ó efecto

### A aula de convivencia

Sitúase na entrada do porche de Educación Infantil.

A súa función é a de substituír o tempo de expulsión do alumnado privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da aplicación de medidas correctoras, buscando a incorporación á súa propia aula no menor tempo posible. Unha segunda función é a de dispoñer dun espazo de reflexión onde se poidan solucionar os conflitos.

Poderá ser derivado a esta aula o alumnado que, a xuízo do profesor, teña que ser separado temporalmente do grupo por ser protagonista dun conflito.

Para facer efectiva a medida, debe contar coa aprobación da Dirección do colexio.

A aula dispón de materiais para traballar resolución de conflitos e Habilidades Sociais.

O alumnado derivado a esta aula estará baixo a vixilancia do profesorado de garda.

### d) ACCIÓN TITORIAL

Potenciar o papel da tutoría nestes aspectos:

- Atribuír importancia no seu papel preventivo e de mediación.
- Outorgar ao titor/a a capacidade executiva en relación con algunhas situacións que afectan á convivencia.
- Sen demérito das funcións da persoa titora recollidas no Regulamento Orgánico (Decreto 324/1996, do 26 de Xullo. DOG 09-08-96).

### e) ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

- O equipo directivo asume o compromiso de estimular e garantir as actitudes que promovan a boa convivencia.
- É responsable de que o profesorado e resto da comunidade educativa, sexan coñecedores e cumpran a normativa e documentos en materia de convivencia.
- É garante de que o procedemento seguido na actuación en temas de convivencia se axuste á normativa vixente, protocolos oficiais e documentos do centro.
- Vela polo fomento do diálogo e resolución pacífica de conflitos.
- Sen demérito das funcións atribuídas pola lei. Regulamento Orgánico (Decreto 324/1996, do 26 de Xullo. DOG 09-08-96).

### f) DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Propón accións que favorezan o clima de convivencia, ofrece pautas para o desenvolvemento persoal axeitado e proporciona recursos e apoios para elo.
- Colabora coa elaboración do PAT e na intervención con titores, na prevención, detección, valoración e resolución de problemas de convivencia.
- Coordina as intervencións dos axentes externos que participen na resolución de problemas de convivencia.
- Mantén contacto con familias para coordinar actuacións referentes ao alumnado implicado en temas de convivencia.
- Intervén directamente dende o campo profesional cos alumnos implicados en problemas de conduta, acoso e demais situacións que o requiran.
- Presta especial atención e dedicación ao alumnado con NEE e/ou con risco de problemas relacionais, acoso, etc. , actuacións recollidas no Plan de atención á diversidade.

## COHERENCIA NA APLICACIÓN DE NORMAS

A Comisión de Convivencia garantirá que as normas de convivencia se apliquen de forma coherente por todos e cunha finalidade esencialmente educativa. O



documento de referencia para a aplicación de normas e sancións é o NOF, que será revisado anualmente e que está a disposición da comunidade educativa.

Así mesmo, os criterios de actuación consensuados nos claustros, reunións de ciclos, determinados polo equipo directivo e recollidos no presente Plan de Convivencia e protocolos de actuación de Consellería e os anexos, deberán ser observados estritamente de xeito que todo o equipo educativo favoreza a prevención de condutas e conflitos non desexados e a unificación de actuacións para o seu tratamento e resolución.

### NORMAS DE CONVIVENCIA

As actitudes a desenrolar e a organización do centro en materia de convivencia deberanse basear nas seguintes normas:

- a) Obligatoriedade de asistir a clase.
- b) Chegar con puntualidade.
- c) Seguir as orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- d) Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
- e) Estudiar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudo dos compañeiros.
- f) Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
- g) Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- h) Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.
- i) Respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- j) Participar na vida e funcionamento do centro.
- k) Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.

- I) Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.

### 3.3 PLANIFICACIÓN, SECUENCIACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

Dentro deste contexto de enfoque da nosa realidade escolar nun marco de regulación das relacións entre os seus membros, de facilitación das mesmas e das accións a levar a cabo para favorecer o desenvolvemento dun clima de convivencia adecuado, encádranse unha serie de accións que pretenden conquistar estes obxectivos. Trátase de concretar en feitos e parcelas de actuación avaliáveis os principios anteriores.

Así, as accións previstas para materializar a posta en práctica deste plan de convivencia, son as que aparecen na seguinte táboa:

## 4. RELACIÓN COAS FAMILIAS E O ENTORNO

O Plan de Convivencia pretende fomentar a participación dos seguintes sectores:

### a) Persoal docente:

- Incentivar a participación do profesorado en todos os ámbitos da vida educativa do centro (reunións de seminario, claustros, xuntas de avaliación, actividades?). Fomentar a relación profesor-equipo directivo.
- Fomentar a relación entre os profesores do grupo de alumnos e o titor/a.
- Potenciar as relacións equipo directivo-Tutoría. CPR. Plurilíngüe Alborada

### b) Pais:

A educación é unha responsabilidade compartida, por este motivo os pais teñen que colaborar co centro e para iso propónse profundar en distintos aspectos como:

- Potenciar as relacións entre os profesores e os pais (tutorías, comunicacións etc.).
- Realizar periodicamente reunións individuais e colectivas cos pais para informarlles de todas as cuestións de interese relacionadas coa educación dos seus fillos.
- Comunicar puntualmente as incidencias en relación cos seus fillos.
- Buscar a colaboración da ANPA en todos aqueles asuntos en que a súa participación sexa conveniente: saídas, realización de obradoiros cos alumnos/as, exposición dalgún tema da súa especialidade, organización de xornadas culturais, etc.
- Potenciar as actividades que organice o ANPA.
- Realizar reunións periódicas coa Xunta da ANPA.
- Transmitir información aos representantes no C.E. dos temas que se traten para que poidan debatelos e achegar ideas.

### c) Alumnos:

Considerando que os alumnos son tamén protagonistas na educación a súa participación e colaboración resulta importantísima:

- Fomentar a participación e colaboración nas Xuntas de Delegados e nas distintas actividades extraescolares e complementarias que o centro propoña.
- Realizar reunións periódicas entre a Xunta de Delegados e o Equipo Directivo.
- Axudar ás asociacións de alumnos/as.
- Fomentar a convivencia entre os alumnos/as.
- Animar aos alumnos a participar na convivencia a través da mediación entre iguais.
- Promover nos alumnos e delegados de curso a colaboración co titor e o equipo educativo e establecer canles de comunicación cos seus representantes no C.E. Responsabilizar aos alumnos na conservación e mantemento do centro incentivando as actitudes positivas e responsables.

### d) Persoal non docente:

O labor que levan a termo é importantísima no funcionamento do Centro, por este motivo expomos:

- Apoiar o recoñecemento das súas tarefas e a dignificación do seu labor. Manter estreita relación e propiciar ambiente de diálogo para evitar conflitos de tipo xerárquico.
- Fomentar as boas relacións e ser receptivos á problemática que xurda na relación laboral.

### 5.SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Para avaliar o Plan de Convivencia do centro tomaranse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas ten persoas responsables asignadas (individualmente, en equipo, grupos formados para este fin,...) e uns prazos para facelo, ademais dos recursos que poden ser necesarios (ver apartado de Obxectivos e actitudes a conquistar co Plan: accións previstas).

Rematados os prazos, valorarase o grao de consecución guiándonos pola seguinte clave:

1-Iniciado; 2-En proceso; 3-Rematado

Así mesmo, recollerase a valoración na plantilla creada ó efecto que aparece a continuación; nela farase constar nos apartados correspondentes as datas nas que se efectuou o seguimento e avaliación e as observacións ou recomendacións correspondentes a cada acción en proceso.

## PLAN DE CONVIVENCIA



| Actividade                                          | Responsables                            | Metodoloxía                                                                                                                                                                                                                                                | Temporalización                                   |
|-----------------------------------------------------|-----------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|
| 1. Presentación e difusión do Plan de Convivencia   | Equipo Directivo, tutores e D.O.        | Difusión e formación do profesorado<br>Información ás familias.<br>Colgar o Plan na web do colexio.<br>Inclusión do Plan de convivencia no PAT.<br>Difusión ás familias a través da ANPA.<br>Difusión a alumnado a través da Xunta de Delegados, titorías. | Primeiro trimestre e continuación durante o curso |
| 2. Desenvolvemento de plans específicos en EP e ESO | Responsables:<br>Orientadora e tutor@s. | Cuestionarios<br>Charlas, debates, entrega de materiais escritos, exposicións polos alumnos, recursos TIC.<br>Programas específicos.<br>Colaboracións de profesionais e especialistas alleos ó colexio que imparten charlas e obradoiros.                  | Todo o curso                                      |

## PLAN DE CONVIVENCIA



|                                                                                |                                                                                           |                                                                                                                                                   |                                                                                              |
|--------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                |                                                                                           | Actividades de aula, traballos, presentacións, xogos e proxectos cooperativos<br>Participación en exposicións, concursos a nivel local e estatal. |                                                                                              |
| <b>3. Establecemento dun clima de clase adecuado</b>                           | Todo o profesorado en xeral e @ titor@ en particular.                                     | Información, debate, consenso sobre as normas de clase.<br>Información e explicación do NOF                                                       | No primeiro mes de curso elaboración das normas de clase.<br>Seguemento durante todo o curso |
| <b>4. Actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia.</b> | Dirección.<br>Elaboración escrita polos integrantes da Comisión de convivencia.<br>Todo o | A recollida en cada protocolo.<br>(ver anexos)                                                                                                    | Continuidade indefinida mentras estea en vigor á normativa que o regula.                     |



## PLAN DE CONVIVENCIA



|                                                                                                       |                                                                    |                                                                                                                                  |                                                     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|
|                                                                                                       | profesorado.                                                       |                                                                                                                                  |                                                     |
| <b>5. Grupos de mediación de conflitos</b>                                                            | D.O. en colaboración c@ titor@ e o delegad@ e subdelegad@ de curso | Reunións formativas cos medidores, análise de casos. Difusión ó alumnado a través da Xunta de delegados e o Equipo de Mediación. | Durante todo o curso.                               |
| <b>6. Celebración do día da Violencia de Xénero e Día da Paz e non violencia.</b>                     | DO e profesora de CCSS na ESO. Titores/as de todo o colexio.       | Elaboración cooperativa polo alumnado de todo o colexio. Metodoloxía participativa.                                              | Semanas do día da violencia de Xénero e Día da Paz. |
| <b>7. Creación en EP dunha quenda de Valedores da Paz, referentes da boa convivencia nos recreos.</b> | Titores de EP                                                      | Formación inicial dos valedores mediante reunións. Supervisión do seu traballo.                                                  | Durante o curso                                     |

## PLAN DE CONVIVENCIA



|                                                                                                                                 |                                                               |                                                                                                                           |                                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| 8. Crear nas aulas de 2º ciclo de EI, 1º, 2º, 3º, 4º EP "o recuncho do diálogo"                                                 | Titor@s dos cursos implicados.                                | Explicación sobre a importancia de resolver os conflitos dialogadamente, respecto pola palabra, búsqueda de acordos.      | Duranteo primeiro trimestre                     |
| 9. Difusión de materiais específicos para o alumnado, temas de estudio, convivencia, saúde, sexualidade, relacións cos pais,... | D.O.<br>Profesora de T.I.C.                                   | Exposición pública e acceso fácil e directo a información.                                                                | Durante o curso                                 |
| 10. Utilización do buzón da convivencia para recoller suxerencias, comentarios, críticas, denuncias                             | Equipo directivo e Tutores de 3º ciclo EP e ESO.<br>Delegados | Charla informativa polos delegados e /ou tutores: Concienciación da utilidade do buzón e do bo uso que se debe facer del. | Revisión polo D.O.<br>Funcionamento permanente. |

## PLAN DE CONVIVENCIA



|                                                                    |                                                      |                                                                                                                            |                                                                            |
|--------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| sobre todo o relacionado co colexio.                               |                                                      |                                                                                                                            |                                                                            |
| 11. Campaña de difusión de normas de convivencia entre o alumnado. | Titor@s en colaboración coa comisión de convivencia. | Concienciación previa do grupo.<br>Elaboración cooperativa.                                                                | 1º trimestre do curso                                                      |
| 12. Elección de delegad@s                                          | Titor@s                                              | Sesións de tutoría: Información e concienciación das responsabilidades d@s delegad@s.<br>Recollida de resultados nun acta. | Primeira semana de Outubro                                                 |
| 13. Xunta de delegad@s ESO                                         | Orientadora, delegad@s e subdelegad@s de ESO.        | Asambleas de delegados e subdelegados.<br>Asambleas de curso                                                               | Periodicidade trimestral e, convocatorias extraordinarias de seren o caso. |

## PLAN DE CONVIVENCIA



|                                                                                                               |                                                                                |                                                                                                                                           |                                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>14. Plans de acollida alumn@s de incorporación tardía, procedentes do estranxeiro e/ou doutras etnias.</b> | Equipo directivo<br>Departamento de Orientación<br>Titor@s<br>Alumn@s titor@s. | Acompañamento para coñecer as características e funcionamento do centro en base ás condicións persoais do alumnado de nova incorporación. | Primeiros días de incorporación de novo alumnado e ao longo de todo o tempo necesario. |
| <b>15. Aula de Convivencia</b>                                                                                | Profesorado de garda<br>Titor/a<br>Orientadora                                 | Reflexión sobre a conduta a través dos materiais ofertados e a conversa co profesorado                                                    | O tempo que se estime pertinente en cada caso                                          |

